



CMUS

PROFESIONAL
DA CORUÑA

CLASE MAXISTRAL MARTA MENEZES



15 E 16 DE MAIO DE 2023
SALA DE CÁMARA

Gañadora do 1º Premio no Concurso Beethoven do Royal College of Music, en Londres e no Concurso Internacional de Piano de Nice Côte D'Azur, Marta Menezes tamén foi premiada en concursos internacionais en Portugal, España e Francia. En 2014 recibiu a "Medalha de Prata de Valor e Distinção" pola súa carreira como pianista, outorgada polo Instituto Politécnico de Lisboa.



Marta preséntase regularmente en concertos como solista e de música de cámara, actuando en varios países europeos, así como en Estados Unidos, Cabo Verde e China. Destácanse as súas actuacións no National Centre for the Performing Arts (Pequín), en St. Martin-in-the-Fields (Londres), no XIII Festival Urodzinowy Fryderyka Chopina (Varsovia), no Palau de Les Arts (València) e no Centro Cultural de Belém (Lisboa).

Como solista, actuou con numerosas orquestras, entre elas a Orquestra Metropolitana de Lisboa, a Orquestra de València, a Orchestre Régional de Cannes, a Orquestra Clásica do Centro, a Orquestra Filarmonia das Beiras, a Orquestra Sinfónica de Thomar, a Orquestra Sem Fronteiras e a Orquestra Sinfónica da Escola Superior de Música de Lisboa. Traballou con directores como Nuno Coelho, Pedro Neves, Karel Mark Chichon, Pedro Amaral, Nicolas Simon, Jan Wierzba, Rui Pinheiro, Christopher Bochmann e Martim Sousa Tavares.

Marta desempeña un papel activo na promoción da música portuguesa. Encargou e estreou obras de compositores contemporáneos, desenvolvendo varios proxectos dedicados a este repertorio. En 2020/2021 presentou os 5 Concertos para piano de Beethoven, acompañados coa estrea absoluta de 5 propinas que encargou a compositores da súa xeración. Na presente tempada estreou o Concerto para Piano de Tiago Derrixa, que lle foi dedicado.

En 2015 editou o seu CD con obras de Beethoven e Lopes-Graça, que recibiu o premio Global Music Awards nos EE. UU.: Silver Medal - Outstanding Achievement nas categorías de Classical Piano e Emerging Artist.

Marta estudou na Escola Superior de Música de Lisboa con Miguel Henriques, onde tamén traballou con Jorge Moyano. Concluíu o seu máster coa máxima cualificación. En Londres, realizou un segundo máster no Royal College of Music, con Dmitri Alexeev, igualmente graduándose con honras. Marta recibiu un doutoramento da Indiana University, nos Estados Unidos, onde traballou con Arnaldo Cohen, desenvolvendo a súa investigación sobre as obras para piano e orquestra de compositores portugueses.

Bases Masterclass Marta Menezes

1. Esta actividade está dirixida a alumnado de piano de todos os niveis.
2. As clases terán lugar nas instalacións do CMUS Profesional da Coruña os días 15 e 16 de maio.
3. Horario. Día 15: de 10 a 14 horas e de 16 a 21 horas. Día 16: de 9 a 13 horas e de 15 a 18:30 horas.
4. As clases terán unha duración de 30 minutos para os alumnos de 1º a 3º de GE. A partir de 4º de GE as clases serán dunha hora de duración. Os alumnos de nivel de 1º a 3º de Grao Elemental deberán presentar alomenos tres pezas para poder participar na masterclass. A tal efecto cada un dos movementos dunha sonatina poderá ser presentado como peza individual.
5. Ademais das clases celebrárase unha charla/coloquio aberta a todo o alumnado en horario a determinar e que será anunciada con antelación. A temática versará sobre estudos posteriores, carreira, concursos, opcións de futuro, etc.
6. O número mínimo de horas para que se leve a cabo a masterclass será de 4.
7. **NORMAS DE MATRICULACIÓN:** O alumnado deberá inscribirse a través do seguinte formulario ([link](#)). Unha vez comprobada a dispoñibilidade de horas, recibirán un correo no que se lles indicará se están aceptados ou non. No caso de resposta afirmativa poderán proceder ao pagamento correspondente á modalidade escollida. **NON SE DEBE PROCEDER A PAGAR A MATRÍCULA ANTES DE RECIBIR O CORREO DE CONFIRMACIÓN.** O último día para realizar o pagamento é o 4 de maio.
8. Para calquera dúbida, escribir ao seguinte correo: danielzacares@gmail.com (Jefe do Departamento de Piano do CMUS Profesional da Coruña)

Modalidades e precios

- Alumnos activos (de 1º a 3º elemental) clase de 30': 35€
- Alumnos activos socios da Anpa Mifasol (de 1º a 3º elemental) clase de 30': 30€
- Alumnos activos (a partir de 4º de elemental) clase de 60': 70€
- Alumnos activos socios da Anpa Mifasol (a partir de 4º de elemental) clase de 60': 60€
- Alumnos oíntes: 15€
- Alumnos oíntes socios da Anpa Mifasol: 0€

Datos da conta para o pago

ARQUIA, caja de arquitectos

IBAN ES89 3183 1500 92 1003708425

(Titular ANPA MIFASOL CMUS Profesional A Coruña)

Concepto: "Masterclass Marta Menezes" - nome e apelidos alumna/o (modalidade asistencia).

Importante: se por algunha razón (por exemplo que non se cubriren as horas mínimas para a celebración do curso durante o periodo de inscrición e pago), houbera que reembolsar a matrícula, descontaríanse 1,5 euros polos gastos bancarios que xera a devolución.

A partir do día 5 (incluído) xa non se levará a cabo ningún reembolso por causa allea á organización do curso.



ANPA MIFASOL



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA